

PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DUNHA PRAZA DE OFICIAL I - CONDUTOR INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DE 2024.

Sendo as 8,00 horas do día 06.05.2025 reúnense os membros do tribunal cualificador seguidamente relacionados, designado por resolución da alcaldía do 17.02.2025, e cuxa composición foi publicada no BOP do 20.02.2025, na páxina web e taboleiro de edictos do concello.

Asisten os seguintes membros:

Presidenta: María Dolores Torrado Ares.

Secretario: Javier Nieves González.

Vogais:

-. Juan José Lapido Casal.

-. José Alberto Iglesias Fungueiriño.

-. María Dolores Landeira Liñares.

Asuntos:

1º. Resolución de alegacións:

Antes de pasar á realización de outorgamento de puntuación da fase de concurso, dáse conta de tres escritos de alegacións presentados contra as puntuacións do segundo exercicio realizado con data 11.04.2025, que son os seguintes:

1. Escrito asinado por José Mario Ben Resúa, con rexistro de entrada núm. 202599900000465, no que sinala en resumo que na proba proposta polo tribunal só se puntuou o manexo dun apeiro moi específico que pouco teña que ver cos coñecementos ou habilidades de condutor. Segundo as bases da oposición BOP 186, do 26 de setembro de 2024 o segundo exercicio (cito textualmente do BOP): "Consistirá na realización dunha proba práctica relacionada coas materias establecidas no temario que figura no anexo II", etc, non figura manexo dese apeiro en concreto nas bases, e en segundo lugar que se incumpriu o principio de igualdade entre os opositores, xa que tal como estaba plantexada a proba só podía ser superada por a persoa que coñecía ese aparello que se utiliza no Concello de Brión case exclusivamente.

O tribunal por unanimidade, acorda:

1º) Desestimar o escrito de alegacións presentado, polos seguintes motivos:

Se ben é certo o que di o interesado na súa cita textual, non é menos certo que a alínea continúa sinalando, **"consistente no manexo, mantemento e conservación de vehículos municipais, coa fin de avaliar as aptitudes das persoas aspirantes no manexo dos equipos, a destreza na execución de tarefas, o coñecemento dos elementos a utilizar e os resultados"**, e igualmente que a base 1 da convocatoria sinala expresamente:

"" 2.- A praza que se convoca está incluída na Oferta de Emprego Público (OEP) do Concello de Brión para o ano 2024 (BOP da Coruña do 11.07.2024), está adscrita ao Departamento de Urbanismo, Obras e Servizos Básicos. Unidade de Obras e Servizos. **Sección de vías**, e ten o seguinte contido funcional:

-. Manexo dos vehículos utilizados para o desenvolvemento dos traballos propios da sección, e baixo a directa supervisión do encargado.

- Asumir a conservación e mantemento básico dos vehículos utilizados.
- Colaborar na realización das restantes funcións asumidas pola unidade, e que entren dentro da súa capacitación profesional.
- Calquera outra, propia da súa capacitación profesional, e vinculada co eido competencial no que se integra.””

E por outra banda é preciso sinalar que o principio de igualdade só funciona entre iguais e entre situacións de feito iguais, non cando existan circunstancias específicas, neste caso, uns coñecementos prácticos de manexo dun vehículo que emprega o concello para os asfaltados por parte de opositores, dos que carece o interesado, que se inclúen dentro dos principios recollidos na normativa vixente de acceso á función pública de mérito e capacidade, e finalmente sinalar que dicir que ese vehículo se utiliza no concello case exclusivamente, non ten xustificación obxectiva algunha, porque a máquina que se empregou é utilizada en todas as empresas que se dedican ao asfaltado, polo que a súa afirmación é cando menos errónea.

2. Escrito asinado por José Fernando Blanco Pérez, con rexistro de entrada núm. 202599900000544, no que sinala en resumo que: o exercicio se realizou na súa totalidade sobre un único vehículo cuxa existencia descoñecían os aspirantes que é un vehículo cisterna para o asfaltado de vías antigo (mínimo trinta anos) e de uso pouco habitual, en ningún momento se comunicou aos aspirantes cal sería o vehículo sobre o que terían que realizar o exercicio, e que ao seu entender o exercicio tiña tres partes diferenciadas, comprobación de nivel de aceite, arrancar o vehículo e finalmente elevar a caixa ou cisterna, e como non utilizara antes un igual non sabía cal era o botón ou palanca e non se puxo a súa disposición o manual do vehículo que sería a forma máis sinxela de comprobar cal era o botón concreto ou palanca para realizar o que tiña que facer, e que os dous únicos aspirantes que superaron a proba tiñan traballado con anterioridade para o concello e partían con vantaxe respecto dos demais aspirantes.

Que se contravén o tenor das bases ao outorgar unhas puntuacións de non aptos aos aspirantes que non aprobaron, e que a publicación previa dos criterios de avaliación do tribunal ten como finalidade garantir a transparencia, así como permitir aos opositores adecuar a súa actuación a ditos criterios.

O tribunal por unanimidade, acorda:

1º) Desestimar o escrito de alegacións presentado polos seguintes motivos:

O vehículo co que se fixo a proba práctica é o vehículo municipal que se emprega durante o verán en todo a campaña de asfaltados, que vai de abril ata outubro, e a máquina que se empregou é utilizada en todas as empresas que se dedican ao asfaltado.

Con anterioridade á realización do exercicio deuse conta polo tribunal dos **criterios a avaliar especificados na base 8 da convocatoria que son o manexo dos equipos, a destreza na execución de tarefas, o coñecemento dos elementos a utilizar e os resultados**, e igualmente a base 1 da convocatoria sinala expresamente:

“” 2.- A praza que se convoca está incluída na Oferta de Emprego Público (OEP) do Concello de Brión para o ano 2024 (BOP da Coruña do 11.07.2024), está adscrita ao Departamento de Urbanismo, Obras e Servizos Básicos. Unidade de Obras e Servizos. **Sección de vías**, e ten o seguinte contido funcional:

-. Manexo dos vehículos utilizados para o desenvolvemento dos traballos propios da sección, e baixo a directa supervisión do encargado.

-. Asumir a conservación e mantemento básico dos vehículos utilizados.

-. Colaborar na realización das restantes funcións asumidas pola unidade, e que entren dentro da súa capacitación profesional.

-. Calquera outra, propia da súa capacitación profesional, e vinculada co eido competencial no que se integra.””

Tratábase dun exercicio, non de tres probas, nin de tres partes dun exercicio, nin de tres exercicios, e o que se puntúa polo tribunal dentro da súa discrecionalidade técnica é a realización completa do exercicio, é un exame global, non tres partes, e por outra banda hai que sinalar que non había que levantar a caixa do camiión, como se di no escrito, non había ningunha caixa que levantar, non é un basculante; a todos se lles dixo o contido da proba e había que ir á parte traseira a sacar as cadeas de seguridade e baixar e subir a rampla, e o interesado nin foi sequera á parte traseira para ver en que consistía e non mostrou o máis mínimo interese en seguir realizando o exercicio, non rematou o exercicio, abandonando a realización do mesmo en un minuto e 32 segundos, tal e como pode apreciarse na gravación do exercicio, polo que se lle puntuou como non apto.

Sinalar igualmente que nas bases da convocatoria non figura por ningures que o tribunal teña que publicar con que vehículo se vai realizar o exercicio e en que vai consistir a súa realización, se trata dun exercicio dun proceso selectivo e os aspirantes o teñen que facer no día e hora no que están convocados e co contido que o tribunal establece con arranxo ás bases da convocatoria.

3. Escrito asinado por David López Rilo, con rexistro de entrada núm. 202500000001025, que reproduce o contido do escrito presentado por José Fernando Blanco Pérez, polo que se da por reproducido en virtude do principio de eficiencia.

O tribunal por unanimidade, acorda:

1º) Desestimar o escrito de alegacións presentado polos seguintes motivos:

O vehículo co que se fixo a proba práctica é o vehículo municipal que se emprega durante o verán en todo a campaña de asfaltados, que vai de abril ata outubro, e a máquina que se empregou é utilizada en todas as empresas que se dedican ao asfaltado.

Con anterioridade á realización do exercicio deuse conta polo tribunal dos **criterios a avaliar especificados na base 8 da convocatoria que son o manexo dos equipos, a destreza na execución de tarefas, o coñecemento dos elementos a utilizar e os resultados**, e igualmente a base 1 da convocatoria sinala expresamente:

”” 2.- A praza que se convoca está incluída na Oferta de Emprego Público (OEP) do Concello de Brión para o ano 2024 (BOP da Coruña do 11.07.2024), está adscrita ao Departamento de Urbanismo, Obras e Servizos Básicos. Unidade de Obras e Servizos. **Sección de vías**, e ten o seguinte contido funcional:

-. Manexo dos vehículos utilizados para o desenvolvemento dos traballos propios da sección, e baixo a directa supervisión do encargado.

-. Asumir a conservación e mantemento básico dos vehículos utilizados.

-. Colaborar na realización das restantes funcións asumidas pola unidade, e que entren dentro da súa capacitación profesional.

-. Calquera outra, propia da súa capacitación profesional, e vinculada co eido competencial no que se integra.””

Tratábase dun exercicio, non de tres exercicios, nin de tres partes dun exercicio, nin de tres exercicios, e o que se puntúa polo tribunal dentro da súa discrecionalidade técnica é a realización completa do exercicio, é un exame global, non tres partes, e por outra banda dicir que non había que levantar a caixa do camiión, como se di no escrito, non había ningunha caixa que levantar, non é un basculante; a todos se lles dixo o contido da proba e había que ir á parte traseira a sacar as cadeas de seguridade e baixar e subir a rampla, e o interesado non quitou nin as cadeas de seguridade, manifestando que non sei e non rematou o exercicio, abandonando a realización do mesmo, como pode apreciarse na gravación do exercicio, polo que se lle puntuou como non apto.

Sinalar igualmente que as bases da convocatoria non figura por ningures que o tribunal teña que publicar con que vehículo se vai realizar o exercicio e en que vai consistir a súa realización, se trata dun exercicio dun proceso selectivo e os aspirantes o teñen que facer no día e hora no que están convocados e co contido que o tribunal establece con arranxo ás bases da convocatoria.

2º) Baremación da fase de concurso.

Rematados os traballos anteriores de resolución de alegacións, o tribunal procedeu ao outorgamento das puntuacións da fase de concurso dos dous aspirantes que aprobaron o segundo exercicio.

O resultado da baremación é:

FIUZA OTERO, JUAN CARLOS				
1) EXPERIENCIA PROFESIONAL (MÁXIMO 18 PUNTOS)				
Administración Pública	Posto	Meses	Puntuación	Observacións
Concello de Brión	Conductor	36	3,60	
TOTAL 1)			3,60	
2) FORMACIÓN ESPECIFICA/COMPLEMENTARIA RELACIONADA (MÁXIMO 12 PUNTOS)				
Cursos de formación:	Organismo	Horas	Puntuación	Observacións
Nivel básico de Prevención	Previsonor	60	0,50	
CAP formación continua obrigatoria	Federación Galega de Transporte	35	0,25	
Formación inicial básico común e cisternas	FEGATRAMER/ FEGAFORT	36	0,25	
Tacógrafo dixital	Dirección Xeral de Formación e Colocación	20	0,25	
Conducción e manexo preventivo	Formación y	8	0,15	

de grúas autocargantes	Servicios de Galicia, S. Coop. G.			
TOTAL 2)			1,40	
PUNTUACIÓN TOTAL:			5,00	

RODRÍGUEZ GARCÍA, GONZALO

1) EXPERIENCIA PROFESIONAL (MÁXIMO 18 PUNTOS)

Administración Pública	Posto	Meses	Puntuación	Observacións
Concello de Brión	Conductor	29	2,90	
TOTAL 1)			2,90	

2) FORMACIÓN ESPECIFICA/COMPLEMENTARIA RELACIONADA (MÁXIMO 12 PUNTOS)

Cursos de formación:	Organismo	Horas	Puntuación	Observacións
Formación de nivel básico de prevención na construción	FOREM Galicia	60	0,50	
CAP formación continua	Grupo Femxa-UGT	35	0,25	
TOTAL 2)			0,75	
PUNTUACIÓN TOTAL:			3,65	

O tribunal por unanimidade, acorda:

1º) Publicar a acta desta sesión no taboleiro de anuncios e na páxina web municipal para xeral coñecemento.

2º) Publicar as puntuacións obtidas no taboleiro de anuncios e na páxina web municipal, dispoñendo os aspirantes dun prazo de 10 días hábiles contados a partir do día seguinte á publicación para formular reclamacións respecto das puntuacións obtidas consonte co disposto na base 8.B.

E non habendo máis asuntos que tratar remata a sesión sendo as 10,15 horas, de todo o que se levanta a presente acta que en proba de conformidade asinan os asistentes, de todo o que como secretario certifico.